

ACTA DE ENTREGA POR EL AYUNTAMIENTO DE FORMIGRADA A LA DEMA. EL
FINANCION DE LUGO, A EFECTOS DE INSCRIPCION FORESTAL, DEL MONTE DE
NOMBRADO "CHAROSA".

En el Palacio Provincial de Lugo, a once de Agosto de mil no-
vecientos cincuenta y cinco se reunieron los señores Presidente y
Secretario de la Dema. Diputación y los señores Alcalde y Se-
cretario del Ayuntamiento de Formigrada, en nombre de ambos Enti-
dades oficiales.

El señor Alcalde de Formigrada, intervenido del señor Secre-
tario de la Corporación y en cumplimiento de lo acordado por la
misma en sesión del día nueve de Febrero de mil novecientos cin-
cuenta y dos, hace entrega a la Dema. Diputación Provincial del
monte "CHAROSA", a los efectos consignados en las Bases estable-
cidas para el Consorcio con el Instituto Forestal del Estado, -
elevadas a escritura pública en cinco de Octubre de mil novecien-
tos cuarenta.

En el proyecto de apostolación y plano adjunto, figuran los
límites de la zona cedida al Consorcio, que comprende una super-
ficie total de CUATROCIENTAS CUARENTA Y SIETE (447) Has.

El monte pertenece a las parroquias de Carballido y Logares.

Y para que conste a los efectos procedentes, se extiende la
presente acta por cuadruplicado, suscrita por los señores arriba
indicados, en representación de los Organismos interesados.


Juan Souto
[Signature]

[Signature]
[Signature]

MINISTERIO DE AGRICULTURA

Dirección General de Montes, Caza y Pesca Fluvial

MINISTERIO DE AGRICULTURA
PATRIMONIO FORESTAL DEL ESTADOORDEN
EN

M.F. 7108

SUBDIRECCION

Fecha

24-11-55

EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

19 NOV. 1955
Nº. 78065
SALID

18-10

Visto el expediente sobre adhesión del Ayuntamiento de Fonsagrada al consorcio, vigente entre el Patrimonio y esa Diputación para la repoblación forestal de 447 Has. en el monte "Chamosa", de la pertenencia de las Parroquias de Carballido y Logaras, de la provincia de Lugo, y de conformidad con los informes emitidos.

Esta Subdirección, ha acordado en fecha 16 de los corrientes, su aprobación definitiva.

Lo que comunico a V.S. para su conocimiento, el del interesado y demás efectos.

Despacho a V.S. muchos años.
Madrid, 18 de noviembre de 1.955.

SECRETARIO



Sr. Ingeniero Director del Servicio Forestal de la
Excma. Diputación provincial de Lugo.

El 2 del presente mes el Excmo. Sr. Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes de la Xunta de Galicia, ha resuelto que se segreguen 25 Hás. del Consorcio del monte "CHAMOSA", LU-2193 - - -
-----, que, a partir de la citada fecha queda con las siguientes características:

Nombre: "CHAMOSA".

Elenco: LU-2193.

Superficie: 343 Hás.

Pertenencia: Parroquias de Carballido y Lagares.


Término municipal: Fonsagrada.

De su cuenta de gastos e ingresos se restarán las siguientes cantidades:

Gastos.....	1.045.541,- Ptas
Ingresos.....	153.118,- Ptas

Lugo, 9 de Febrero de 1.994.

AL JEFE DEL SERVICIO,



Fdo.: Manuel Martínez Garrido.

beneficio
vixilancia
Ambiente

repoboa

resolvera

Tribunal

as Cast

la a su



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais



San Lázaro, s/n - 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

EDIFICIO AID 4 ^{ta}
REXISTRO XERAL
13 MAI 2003
ENTRADA
N.º 88965

Con data 23 de abril de 2003, o Conselleiro de Medio Ambiente dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

PRIMEIRO.- Aproba-lo Convenio das seguintes características:

Nome: "CHAO DE MEIXONFRÍO Y RASCAÑEIRO"

Elenco: 2717592

Superficie: 25,50 Hás

Pertenza: D. CESAR FERNÁNDEZ MARTÍNEZ e outros veciños

Concello: A Fonsagrada

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Propiedade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

Saldo inicial do convenio: **10.899,40 euros a favor da Xunta de Galicia**

SEGUNDO.- Que a conta do Convenio do monte "CHAO DE MEIXONFRÍO Y RASCAÑEIRO", 2717592, se abra cun saldo de 10.899,40 €, sen prexuízo dos gastos e ingresos que poidan producirse despois do cerre das mesmas.

TERCEIRO.- Que as características do monte "CHAMOSA", LU-2193, pasan a ser:

Nome do monte: "CHAMOSA"

Elenco: LU-2193

Superficie: 317,50 Hás

Pertenza: Parroquias de Carballido e Logares

Concello: A Fonsagrada.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
09 MAI 2003
Registro de SAIBA
Nº 11034

CUARTO.- Que por haber pasado ás contas do Convenio do monte "CHAO DE MEIXONFRÍO Y RASCAÑEIRO", 2717592, das do monte "CHAMOSA", LU-2193, se resten as seguintes cantidades:

GASTOS: 24,00 Hás x 146.782,16 €..... 10.773,00 €
327,00 Hás

INGRESOS: 24,00 Hás x 13.495,30 €..... 990,48 €
327,00 Hás

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.


O que comunico para os efectos oportunos.

Achégase orixinal das bases do convenio para a/as comunidade/s propietaria/s,
e unha copia para arquivar nese Servizo.

A través dese Servizo deberá notificarse esta resolución á/as comunidade/s propietaria/s.

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2003

O Subdirector Xeral de Recursos Forestais,


Teodoro Arribas Serrano.

Sr. Xefe do Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.-



Con data, 25 de outubro de 2013 a Conselleira do Medio Rural e do Mar dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

1º.- Aprobar a modificación do consorcio do monte "Chamosa", LU-2193 en 10,2 ha, como consecuencia do acordo do pleno do concello da Fonsagrada de data 28-03-2012.

2º.- Que previa á modificación e visto antes informe positivo da Asesoría Xurídica da Consellaría do Medio Rural ingresaron a cantidade de 4.202,41 €, parte proporcional do importe adebedado a Xunta de Galicia pola modificación das 10,2 ha.

3º.- Que da conta de gastos e ingresos do monte, se resten as seguintes cantidades:

Gastos: 4.578,53 €

Ingresos: 887,92 €

4º.- Que no sucesivo as características do monte "Chamosa" sexan as seguintes:

Nome: "Chamosa"

Elenco: LU-2193

Superficie: 307,3 ha

Pretenza: Parroquias de Carballido e Logares

Concello: A Fonsagrada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de Reposición con carácter potestativo ante a Conselleira do Medio Rural e do Mar no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo da xurisdicción contencioso-administrativa, ou exercer calquera outro que estime pertinente.

O que comunico para os efectos oportunos.

A través dese Servicio deberá notificarse esta resolución á comunidade propietaria.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2013

O subdirector xeral de Recursos Forestais,

José Luis Chan Rodríguez

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 30/10/2013 10:35:36

SAÍDA 103430 / RX 687759





En relación coa solicitude de modificación da superficie do consorcio do monte "Chamosa", LU-2193, situado no concello da Fonsagrada (Lugo), resolvo o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- En 1955 o Concello da Fonsagrada fixo entrega á Deputación Provincial de Lugo do monte "Chamosa", pertencente ás parroquias de Carballido e Logares, para os efectos consignados nas bases establecidas para o consorcio do dito monte co Patrimonio Forestal do Estado. Ao consorcio déuselle a clave LU-2193.

2º.- A pesar da participación do concello, o Servizo de Montes de Lugo veu considerando o monte "Chamosa" como un monte privado abertal proindiviso.

3º.- A este respecto debe terse en conta que, de acordo co primeiro parágrafo do art. 9 da Lei do 10 de marzo de 1941 sobre o Patrimonio Forestal do Estado, os terreos adquiridos polo Patrimonio Forestal do Estado poden obterse por consorcios "cos propietarios que, directamente ou por medio de corporacións públicas e temporal ou definitivamente, aporten ao Patrimonio os seus terreos con ou sen reserva de dereitos sobre eles". Sen proba en contra, pode interpretarse que neste caso o Concello da Fonsagrada actuou como intermediario entre o Patrimonio Forestal do Estado e os propietarios do monte, é dicir, veciños das parroquias de Carballido e Logares que o administraban como un proindiviso.

4º.- Se ben na acta de entrega do monte ao Patrimonio Forestal do Estado consta unha superficie de 447 ha, da medición con aparellos e técnicas mais modernas e de maior precisión obtense unha superficie consorciada inicial de 368,00 ha. Logo de varias escisións e exclusións de parcelas, a superficie consorciada na actualidade é de 307,30 ha.

5º.- Mediante uns actos de aprobación, ratificación e protocolización de operacións de división de montes realizados ante notario o 09/02/1996 o monte abertal partiuse en varias parcelas de propiedade particular.

6º.- 03/04/2013 Manuel Alonso López e María Josefa Enríquez Fernández solicitaron que se excluísen do consorcio dúas parcelas da súa propiedade, cunha superficie total de 7,36 ha. Posteriormente presentaron os documentos que proban a súa titularidade.

7º.- 30/04/2013 Amelia Enríquez Aruñada solicitou que se excluísese do consorcio unha parcela da súa propiedade, cunha superficie total de 2,24 ha. Posteriormente presentou os documentos que proban a súa titularidade.

8º.- 22/01/2014 Leandro Enríquez Mon e María Anita Noceda Freije solicitaron que se excluísen do consorcio dúas parcelas da súa propiedade, cunha superficie total de 6,31 ha. Achegan os documentos que proban a súa titularidade.

9º.- 29/01/2016 José Señor Fernández e Josefa Fernández Díaz solicitaron que se excluísen do consorcio dúas parcelas da súa propiedade, cunha superficie total de 2,592 ha. Achegan os documentos que proban a súa titularidade.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Ordenación e
Producción Forestal

San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 546 108 Fax: 981 546 101
mediorural.montesgalicia@xunta.es

galicia



10º.- O 01/04/2016 e o 18/04/2016 a secretaria do Concello da Fonsagrada certificou que o Pleno do concello acordara a modificación do consorcio nas parcelas a que se refiren catro solicitudes.

11º.- O 19/05/2016 o xefe do Servizo de Montes de Lugo propuxo estas modificacións da superficie do consorcio, por consideralas viables. Previamente, os titulares debería pagar as cantidades seguintes, correspondentes á débeda do consorcio:

Manuel Alonso López e María Josefa Enríquez Fernández:	3.045,58 €
Amelia Enríquez Aruñada:	926,92 €
Leandro Enríquez Mon e María Anita Noceda Freije:	2.611,08 €
José Señor Fernández e Josefa Fernández Díaz:	1.072,56 €

12º.- A superficie do cosorcio pasaría a ser de 288,798 ha, nas que aínda é posible levar a cabo unha xestión sustentable.

13º.- O 20/06/2016 o Director Xeral de Ordenación e Producción Forestal propuxo a modificación da superficie do consorcio,

14º.- O 29/09/2016 o letrado asesor da Consellería do Medio Rural informou favorablemente a proposta de modificación da superficie do consorcio, previo pagamento dos importes endebedados.

15º.- O 24/10/2016 o xefe do Servizo de Montes de Lugo remitiu os xustificantes de pagamento destes importes.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1º.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do estatuto de autonomía de Galicia, establece no seu artigo 27 que á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle a competencia exclusiva en materia de montes.

2º.- O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente, confire aos conselleiros as atribucións relativas aos contratos de asuntos propios da súa consellería.

3º.- Segundo a disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei poderán ser obxecto de finalización nun prazo máximo de seis anos, contados a partir da entrada en vigor desta lei, prazo en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública. No caso de non se formalizar o dito contrato no prazo establecido, o titular do monte deberá aboar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal,



RESOLVO:

1º.- Que se aprobe a modificación da superficie do consorcio do monte "Chamosa" nunha superficie de 7,36 ha, por petición de Manuel Alonso López e María Josefa Enríquez Fernández.

2º.- Que se aprobe a modificación da superficie do consorcio do monte "Chamosa" nunha superficie de 2,24 ha, por petición de Amelia Enríquez Aruñada.

3º.- Que se aprobe a modificación da superficie do consorcio do monte "Chamosa", nunha superficie de 6,31 ha, por petición de Leandro Enríquez Mon e María Anita Noceda Freije.

4º.- Que se aprobe a modificación da superficie do consorcio do monte "Chamosa", nunha superficie de 2,592 ha, por petición de José Señor Fernández e Josefa Fernández Díaz.

5º.- Que as anteditas modificacións de superficie sexan efectivas sen que os titulares das parcelas deban pagar cantidade adicional ningunha á Administración, xa que os predios xa non presentan débeda na actualidade.

6º.- Que no sucesivo as características do consorcio do monte "Chamosa", LU-2193, sexan as seguintes:

Nome: Chamosa
 Número: LU-2193
 Superficie: 288,798 ha
 Pertenza: parroquias de Carballido e Logares
 Concello: A Fonsagrada

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de reposición con carácter potestativo ante a Consellería do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 e 123 e na disposición transitoria 3ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso- administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2016

